

PEZA DO MES

maio

2015



FOTOGRAFÍA
PARQUE DE SAN LÁZARO

Fotografía. Parque de San Lázaro

Aquel San Lázaro vello
coa súa capeliña branca,
cos seus arcos de loureiro,
coa súa procesión que marcha.
.....

coas madamitas de fogo
que de queimadas estralan
.....

hoxe xa non hai capelas
vive o santo nunha casa
coma os que fan os señores
pra pasar o verao na praia.

X. PRADO «LAMEIRO»
A carón do lume
Ourense, 1918

Comentamos un positivo coloreado á man (de 8'5 x 13'5 cm; ou sexa de tamaño de tarxeta postal). Hai outra copia igual en branco e negro. Ambas as dúas foron adquiridas por D. Fernando del Río en 2014, a coleccionistas de Barcelona e Sabadell, e foron depositadas no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Forman parte dunha serie publicada por Ed. Arribas (núm. 52 - Ourense) e postas en circulación postal na década dos 50. Mostra o parque dende a zona de «sindicatos» cara ao «Goberno Civil», durante o estío (arboredo e vestimenta das nenas do plano medio). A fonte ten un enreixado baixo, hoxe desaparecido, estando xa embutida na súa base truncada que bordean grandes follas de plantas acuáticas (tal vez do xénero *Alocasia*); visualízase ao fondo o edificio gubernamental, sen a existencia do Monumento aos Caídos; non hai rastro da pérgola actual; á dereita aparece a capela do San Lázaro, aínda non trasladada a Peliquí, e á esquerda observamos o pequeno porte da palmeira

e as casas que conforman o primeiro tramo da Avda. de Xoán XXIII.

Podemos data-la entre 1948 (ano de inauguración da nove sede do Goberno Civil) e 1951 (ano da colocación da estatua de Asorey). Cando se publicou recentemente o exemplar de «La Región», na serie «Ourense, imáxenes del ayer» foi datada erroneamente nos anos 60.

DE LEPROSARÍA A CAMPO DA FEIRA

Situado extramuros, ao final da Corredoira e do Barrio Novo, o Campo de San Lázaro foi durante moitos anos un extenso terreo de arborado e de viñado que chegaba case ata As Lagoas e que era atravesado polos camiños antigos que levaban ao Vao e ao Portovello. Nel situábanse as numerosas casas, anexas ás capelas – lazaretos, nas que habitaban os leprosos ou gafos de Ourense. O primeiro documento coñecido da existencia do mal de Hansen é de 1191 (unha doazón de 10 marabedís para «as guafarias Aure et de burgo Ripadavie» de Dna. Urraca Fernández). Dende entón coñecemos a existencia nos arquivos de numerosos documentos que se refiren a preitos, doazóns, problemas cos leprosos que se afastan a pedir á Ponte Maior, a camiños máis transitados e a arranxos das capelas. En 1615 prodúcese unha importante obra na coñecida como primeira capela ou de San Lázaro Grande, da cal coñecemos a súa planta, trazada polo mestre de cantería Antonio Martínez de Araque (o mesmo da Porta da Aira e da ermida do Posío). No que logo sería San Lázaro *sensu stricto*. Encontrábase a segunda capela, esquina de Santo Domingo - Bedoya, e un pequeno hospital. Ambos os dous xunto co do Posío, foran insuficientes, ao decaer a lepra, para albergar os enfermos de peste bubónica de finais do XVI (1598-1599), que non podían ser atendidos no de San Roque.

No ano 1858 a capela – hospital estaba en ruínas e en 1861 é demolida a de San Lázaro o Vello (situada nos terreos do actual grupo escolar «Curros Enríquez», segundo Otero Pedrayo). Tamén foi derruída a segunda capela, *prope* Sto. Domingo, «blanca, campesina, con su pequena espadaña (y) su hermoso olmo frontero». Para atender á gran devoción ao santo empréndese a construción dunha nova capela, obra de Queralt, que se inaugura en 1897. Logo foi trasladada e reconstrúese en Peliquí en 1983.

Xa despois da desamortización de 1835, colocárase a fonte de Oseira en 1846 e en 1857 comezase a reforma do Campo da Feira do 7, partido polo trazado da estrada de Monforte. A situación da feira vai provocar un longo contencioso entre a burguesía comerciante, que actuou como un verdadeiro *lobby*– e o Concello, polo menos durante os anos que van de 1904 ata 1923, no que por fin se trasladou de forma efectiva aos Remedios.

O SÉCULO XX

Son numerosas as transformacións e cambios que San Lázaro sofre neste século:

1925 a 1931: Reforma e ornamento do parque por Conde Fidalgo e Alonso Vázquez, con polémico rebaixe do nivel da superficie do paseo.

1929: Inaugúrase a igrexa de San Francisco, trasladada dende inicios de 1927, coa supervisión de Conde Fidalgo e asesoramento de Marcelo Macías, aínda que a súa fachada é remodelada por Alejandro de la Sota e sofre outras intervencións ata o ano 1955. Hoxe en día este Monumento Nacional (1955) (agora B.I.C.) está a ser definitivamente embutido por unha construción especulativa desprezable.

1946: Sitúase o busto de Prado Lameiro, que foi trasladado en 1956 ao Posío.

1951: Colocación do monumento aos Caídos, con pedestal de Suárez Hermida e autoría de Asorey.

1963: Ampliación do xardín que se rodea de parterres.

1967: Instalación na fonte central dun motor eléctrico.

1968: Inauguración da Torre de Ourense, obra de Alex Reilen, por Fraga.

1982: Redistribución de parterres, embaldosado do piso anterior de area, zonas de xogos e peche con muro da parte norte, facendo desaparecer o nu noiro de terra. Cipreses anastomasados no arco da fonte.

2001: Inauguración do aparcadoiro subterráneo, despois dun ano de obras e redución da área do parque en «a parte dos taxis», así como desaparición de toda a fileira externa de plátanos, substituídos por unha fileira de tileiros. Remodelación da áreas de xogo.

2002: Colocación de «O Carrabouxo» de Lombera.

A día de hoxe o espazo, reducido a 7.133 m², conta co seguinte «mobiliario»:

– Fonte de Oseira (1846), acernada e embutida. Rodeada de *Ilex*, *Pittosporum* e *Abelia*.

– Pérgola: Sen as roseiras e sen o xasmín (*Jasminum polyanthum*)

– Areeiros: Oeste para nenos pequenos e Leste con xogos para maiores.

– O monumento de Asorey (1951)

– A estatua de «O Carrabouxo» (2002)

– Dúas pequenas fontes prismáticas, bebedoiros.

– Entre os numerosos e descoidados bancos encontramos o de Tovar coa súa placa agarimosa.

O ARBOREDO

O orixinal estaba constituído por viñas, oliveiras, carballos e os clásicos «gruñeiros» (*Prunus spinosa*). Ata 1989 non se realiza o primeiro estudo botánico do Parque (R. Gracia, 1990). Encóntrase outro inventario (con 29 especies) dentro da obra *Alamedas, Jardines y Parques de Galicia* (Rguez. Dacal, 1997). Hai outro inventario con plano na *Flora Ornamental Auriense* (R. Gracia, de Xesús e A. Rodríguez, 2008).

Na evolución da flora plantada en San Lázaro observamos dúas tendencias: a diminución do número de especies non arbóreas e a drástica diminución do número de exemplares de árbores (cincuenta individuos menos en 25 anos) debido ao aparcadoiro e a certo abandono oficial.

A primeiros de abril de 2015 o recinto conta con 31 especies, delas 16 de árbores (con 117 espécimes) e 15 arbustivas e herbáceas perennantes. Todo iso distribuído en 11 xardíns, fileiras laterais e anel central.

(Ver planos e listados adxuntos)

Hai que destacar dúas especies:

– A *Casuarina cunninghamiana*, teito do parque, fósil vivente e dioico.

– O *Laburnum x watereri*, moi velenoso e de situación temeraria.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es

mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Vicente Rodríguez Gracia


FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico 








XUNTA
DE GALICIA

PEZA DO MES

maio

2015



LISTADO DE ESPECIES ARBÓREAS ACTUAIS (2015) E Nº DE EX.

1.- <i>Aesculus hippocastanum</i> (Castiñeiro de Indias)	13
2.- <i>Camellia japonica</i> (Camelia)	7
3.- <i>Casuarina cunninghamiana</i> (Piñeiro de Australia)	3
4.- <i>Cedrus atlantica</i> (Cedro do Atlas)	3
5.- <i>Cedrus deodara</i> (Cedro do Himalaia)	3
6.- <i>Cupressus sempervirens</i> (Alcipreste)	2
7.- <i>Ilex aquifolium</i> (Acivro, xardón)	14
8.- <i>Laburnum x watereri</i> (Chuvia de ouro)	1
9.- <i>Liquidambar styraciflua</i> (Liquidámbar)	1
10.- <i>Magnolia x soulangiana</i> (Magnolia)	1
11.- <i>Phoenix canariensis</i> (Palmeira canaria)	1
12.- <i>Platanus hispanica</i> (Plátano)	44
13.- <i>Tilia platyphyllos</i> (Tileiro de folla grande)	1
14.- <i>Tilia tomentosa</i> (Tileiro prateado)	13
15.- <i>Ulmus glabra</i> (Ulmeiro chorón)	9
16.- <i>Ulmus minor</i> (Ulmeiro, lamigueiro)	1

OUTRAS ESPECIES

<i>Abelia x grandiflora</i>
<i>Agapanthus g. africanus</i>
<i>Aucuba japonica</i>
<i>Euonymus japonicus</i>
<i>Gardenia augusta</i>
<i>Hedera hibernica</i>
<i>Leucothoe fontanesiana</i>
<i>Mahonia aquifolium</i>
<i>Osmanthus heterophyllus</i>
<i>Pieris japonica</i>
<i>Pittosporum tobira</i>
<i>Prunus laurocerasus</i>
<i>Rhododendro sp. pl.</i>
<i>Simphoricarpus x chenaultii</i>
<i>Viburnum tinus</i>